

Grupo de traballo de Prevención de Riscos Laborais

20/03/2024

O día 20 tivemos unha xuntanza do Grupo de Traballo de Prevención dependente da Mesa delegada de Seguridade Social.

Concurso específico de prevención

Parece que desta vai, con prazas so para persoal funcionario, a intención era que despois de resolto, se convocaría outro ofertando prazas vacantes que queden a persoal laboral. Pero iso xa andaremos e veremos...

Parece que as prazas que se ofertarán en Galicia son:

- Na Coruña, Especialista en prevención A2/C1
- Na Coruña, Axudante de prevención B C1/C2
- Na Coruña, ATS
- En Vigo, 2 de Axudante de prevención B C1/C2

Comités de seguridade e saúde propios

Dinnos que despois de varias solicitudes de autorización enviadas a Función Pública desde 05/23, ata o de agora non se obtivo resposta.

Política preventiva común para toda a Seguridade Social

Vaise avanzando neste tema, con obxectivos comúns para as entidades e co funcionamento de tres grupos de traballo para a homoxeneización de protocolos médicos, procedementos de traballo (varias anualidades), e reforma da aplicación informática APRLA.

Desenrolo dos servizos de prevención mancomunados pluriprovinciais

Disto o Ministerio non ten feito nada, por moitos anos que desde a **CIG** o levemos demandando para Lugo e Ourense e agora os outros sindicatos se sumaran ao carro para pedilos para o resto do Estado.

Formación continua para técnicos dos servizos e EPDs

O Ministerio segue sen mostrar interese por este asunto.

Desde a **CIG** pedimos formación sobre o gas Radón, alomenos para os destinados en áreas xeográficas con problemática deste gas, lembrado a recente publicación do novo RD en 12/2022 e enviando a posterior a proposta do Laboratorio de Radón de Galicia, acreditado, universitario (Facultade de Medicina da USC), de recoñecida experiencia e prestixio e sen ánimo de lucro, para que imparta esa formación.

Recoñecementos médicos a persoal contratado

A **CIG** solicitamos a inclusión deste punto na orde do día por dúas instrucións que chegaron de SSCC do ISM ás DDPP con contratados laborais de primeira experiencia:

- No pueden acceder a los cursos del INAP ni a los de nuestro Plan de Formación.
- No tienen derecho a Reconocimientos Médicos.

Desde a **CIG** manifestamos que o dereito a vixilancia da saúde ben recollido no artigo 22 da Lei de Prevención de riscos laborais 31/1995, de 8 de novembro. Este dereito non está limitado polo carácter temporal ou de duración determinada do contrato, non podendo haber diferenza de trato no relativo a calquera dos aspectos da protección de seguridade e saúde dos traballadores e traballadoras.

Estes traballadores deben recibir, en todo caso, unha formación suficiente e axeitada ás características do posto de traballo que ocupen, tendo en conta a súa cualificación e experiencia profesional e os riscos aos que vaian estar expostos.

O representante do ISM, do seu Servizo de prevención, dixo que se enterara destas instrucións pola denuncia da **CIG** e que efectivamente estes traballadores teñen dereito a estes recoñecementos.

Seguiremos informando...